



SE O CUSTO DA VIDA SUPERA A SUBA SALARIAL...

GAÑAS OU PERDES?

Non contestes... pensa!! Hai certos sindicatos que cren que precisas pensar un longo tempo para dilucidar esta cuestión ou sinxelamente que vas pensar que gañamos algo. Para eles as empregadas e empregados públicos non sabemos aritmética.


No [Acordo Marco para unha Administración do século XXI](#), asinado por CCOO e UGT, estableceron unha suba salarial sen cláusula de revisión salarial. Isto implicou que **ao medrar o IPC por riba da suba pactada se perdesse poder adquisitivo**. Así de simple. Isto ten sucedido moitas veces. O grave neste caso non é só que perdamos poder adquisitivo, senón que este **recorte veña avalado por organizacións sindicais**.

Para xustificar que non hai perda teñen recorrido ás escusas máis rocambolescas como sumar aos nosos salarios os importes de dous graos de carreira (hai persoal que só cobra un ou ningún por decisión deles) e así dicir que non perdemos nada.

Ou tamén hai pouco cando anunciaron que o acordo asinado por eles contemplaba unha cláusula de revisión salarial por se subía o IPC máis que as retribucións. Efectivamente, a cláusula implicaba unha

suba do 0,5% cando o IPC medrou un 8,4% no 2022 e o 3,6% no 2023.

Tendo en conta que **a suba salarial nestes 3 anos foi do 9%** (polo de agora é do 7%, pois aínda non nos subiron o prometido 2% do 2024) e que a finais deste ano **o IPC acumulado dese período vai estar sobre o 15,3%**, por moi obtusos que para CCOO e UGT sexamos as empregadas e empregados públicos, a cousa parece clara: **nós perderemos o 6,3% de poder adquisitivo e eles a vergoña.**



A XUNTA RETIRA 180 POSTOS DO CONCURSO DE CORPOS XERAIS. POR QUE?

Parece que era norma da antiga Dirección Xeral de Función Pública ocultar información ás persoas traballadoras e aos seus representantes. A nova directora xeral de Emprego Público acaba de chegar pero non comeza con bo pé: convocan o concurso de corpos xerais e no listado de postos publicado retiran 180 postos que estaban no listado de febreiro.

É verdade que engadiron outros, pero a cuestión é por que retiran eses 180? Dende a CIG consideramos que se debe dar unha explicación para esa retirada, pois

hai moitos destes que son postos de nivel (entre eles 16 seccións, 10 negociados, 13 de niveis 20-22, etc). Destas exclusións só deron explicación razoada da retirada de 13 deles (dicir "Retírase da oferta" non é razoar a exclusión). E o resto?

Por iso a CIG esixiu á nova directora que nos dea unha explicación de cada unha das exclusións. Se non resposta o seguinte paso será presentar un recurso de reposición.



OS DEBERES PARA A NOVA DIRECTORA DE FUNCIÓN PÚBLICA

Representantes da CIG-Autonómica acudimos a unha xuntanza de cortesía convocada pola nova directora xeral de Función Pública, que agora pasa a chamarse Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal (en diante, DXEP). Na xuntanza estaban presentes a nova directora, Nuria Aguilar Vázquez, e o seu predecesor, José María Barreiro.

A xuntanza non durou moito. Foron unhas palabras de presentación da nova directora, quen manifestou as súas intencións de traballo futuro.

A CIG aproveitou para poñer enriba da mesa unha serie de asuntos que, ao noso ver, deben resolverse. Entre outros, mencionamos:

Concursos de traslados: convocar xa os concursos de traslados para todo o persoal. E marcarnos como obxectivo o concurso anual, paso previo para o que debe ser o futuro concurso permanente.

Concursos específicos: non poden seguir ocupando en comisión de servizos dende o ano 2015 máis de 800 postos que teñen a cobertura mediante concurso específico. Defendemos a súa cobertura mediante concurso ordinario, pero se non os modifican, teñen que cubrilos regulamentariamente xa.

Procesos selectivos (e promoción interna): queremos a súa resolución en prazos adecuados, áxiles. As promocións internas non poden ser procesos cun nivel de esixencia igual ou superior aos de acceso libre. Hai que modificar o modelo.

Externalizacións do emprego público: rexeitamos a externalización dos servizos públicos. Incluímos aquí ao uso de bolseiros/as que son empregados como man de obra barata en moitos casos (bibliotecas, oficinas de turismo, consumo, etc.).

Comisións de servizo: queremos que se regulen, teñen que deixar de ser arbitrarias.

Xornada de 35 horas: esa ten que ser a xornada máxima ordinaria. E a partir de aí, discutir xornadas inferiores.

Acordo regulador das condicións de traballo: temos que acadar un acordo global das condicións de traballo, para todo o persoal, funcionario e laboral. E os acordos específicos de colectivos que requiren atención, como centros de ensino, xubilación anticipada para determinados colectivos ou a ampliación do tempo traballado do persoal de incendios.



Fondo de Acción Social: queremos superar os recortes da Lei de medidas do ano 2012. Hai que recuperar as modalidades eliminadas, e os importes roubados, paso previo á consecución do antigo obxectivo do 1% da masa salarial.

Retribucións: subir os niveis a partir dos mínimos, trienios iguais para todos os grupos, carreira profesional sen chantaxes, e recuperar o que nos roubaron nos últimos anos.

Para rematar, deixámoslle á nova DXEP un documento máis extenso coas nosas reivindicacións para os vindeiros anos máis polo miúdo.

Teléfonos de contacto con CIG-Autonómica			
A Coruña	981 185993	Lugo	982 294209
	981 169803		982 229013
Compostela	981 545909	Ourense	988 233850
	881997290	Pontevedra	986 805515
Ferrol	981 358750	Vigo	986 817597
			986 827927



POR QUE O CHAMAN FAS CANDO QUEREN DICIR AXUDA POR PERSOA CON DISCAPACIDADE A CARGO?

No DOG do 22 de maio publicaron a convocatoria do Fondo de Acción Social (FAS) do ano 2023. Trátase exclusivamente dunha axuda por persoa con discapacidade a cargo.

A última vez que se convocou un FAS completo foi no ano 2011. Daquelas tiña un orzamento de máis de 9 millóns de euros, e oito liñas de axuda: 1) atención á discapacidade, 2) xubilación, 3) fillas/os menores, 4)

CONTÍA	2010 (€)	2023 (€)
GLOBAL	9.136.392	2.000.000
POR MODALIDADES	Mínimo	Máximo
Atención á discapacidade	1.300	2.160
Xubilación	3.500	0
Fillas/os menores	150	0
Estudos de fillas/os	90	0
Estudos do persoal	200	0
Adquisición de vivenda	1.532	0
Maiores a cargo	200	0
Gastos sanitarios (tratamentos, próteses)	60	0
Gastos sanitarios (produtos alimentarios)	60	0

estudos de fillos/as, 5) estudos do persoal, 6) adquisición de vivenda, 7) maiores a cargo, 8) gastos sanitarios (tratamentos, próteses).

No ano 2012 meteron a tesoura: baixo o goberno de Feijoo, o Parlamento de Galiza aprobou a Lei 1/2012 de "medidas temporais en determinadas materias do emprego público". Pasaron os anos, superamos a "grave situación orzamentaria", pero 12 anos despois os recortes continúan en Galiza mentres que o goberno do Estado español onde vai que xa ten levantado todas as limitacións de orzamento que puideran xustificar estes recortes.

Ata o recorte, a discusión do FAS de todos os anos centrábase en tres ideas:

1. Subir o importe ata chegar ao 1% do conxunto de masa salarial (chegamos ata arredor do 0,4%)
2. Engadir novas liñas de actuación
3. Importes proporcionais á renda das familias.

Chegados ao 2024, seguimos cunha única liña de axuda, e con 7 millóns de euros menos dos 9 que tiñamos no 2011.

Rueda, as medidas temporais non duran 12 anos!

LIMITACIÓN DE 3 ANOS NAS CONTRATACIÓNS TEMPORAIS E NOMEAMENTOS ADMINISTRATIVOS: AS EXCEPCIÓNS

A CIG ven de preguntarlle á Dirección Xeral de Emprego Público como vai afrontar a limitación a 3 anos das contratacións laborais temporais e os nomeamentos de persoal interino posteriores ao Icetazo (Real Decreto-lei 14/2021).

Este establece que para a cobertura de prazas vacantes a persoa funcionaria interina ou laboral temporal terá unha permanencia máxima de 3 anos nese posto.

Porén, establécese unha excepción importante: "o persoal funcionario interino poderá permanecer na praza que ocupe temporalmente, sempre que se publicara a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar dende a data do nomeamento do funcionario interino. Neste suposto poderá permanecer ata a resolución da convocatoria."

O mesmo estipula a Lei 20/2021, pero a entrada en vigor desta cláusula que modifica o EBEP foi o

08/07/2021 co Icetazo. Dende esa data xa hai contratos e nomeamentos nos que se reflicte a limitación de 3 anos, polo que en menos de 2 meses comezarán a cesar moitas persoas temporais automaticamente, a non ser que entre en acción o mecanismo excepcional.

Tendo en conta que a excepción da que damos conta opera cando a praza ocupada por persoal interino ou temporal é convocada a través de calquera dos mecanismos de provisión e mobilidade previstos na normativa, parece obvio que neste momento, cando PRACTICAMENTE TODAS as prazas desta administración están convocadas nun ou varios deses mecanismos de provisión e mobilidade se poida considerar que é razoábel que a relación laboral se estenda ata que as prazas se cubran mediante algún dos citados mecanismos.

ESTILO GALIZA OU ESTILO PP

Xefaturas territoriais sen ser empregado/a público/a

O mércores 15 de abril tomaron posesión do seu cargo os 12 novos conselleiros e conselleiras que xunto ao Presidente formarán a Xunta de Galiza. A primeira sesión do novo Consello da Xunta celebrouse o pasado 22 de abril, e nel quedou aprobada a nova estrutura orgánica da Presidencia e das consellarías.

Chama a atención o referido ás antigas “**xefaturas territoriais**”. Dunha banda modifican a denominación, que pasa a ser de “direccións territoriais”. Pero o máis importante é que tamén cambia a forma de provisión: segundo informa a Xunta no seu web, no Consello da Xunta aprobaron que: “[..] o seu titular será designado libremente [..] entre funcionarios dos grupos A1 e A2 ou persoas con acreditada competencia e experiencia profesional no eido no que desempeñará as súas funcións [..]

Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, existen xa máis de **1.000 postos de traballo** entre as prazas de libre designación, concurso específico, persoal eventual (de gabinete) e persoal directivo, postos que, como sabemos, non se cobren por concurso ordinario e nalgúns casos nin sequera entre persoal funcionario. Para o Goberno galego isto non é abondo, así que **tornamos ao pasado coa recuperación da figura do “Delegado Provincial”**.

Na CIG pensamos que estes cambios non obedecen á procura dunha Administración máis eficaz e eficiente, que mellore os servizos públicos.

No artigo 34.2 da LOFAXGA, aparecen indicadas as funcións das xefaturas territoriais: “*Son os órganos de **exercicio das competencias administrativas** de cada unha das consellerías, co alcance que se lles atribúa na estrutura orgánica da consellería e demais normativa aplicable que se lles delegue, e estarán integradas por aqueles servizos, áreas ou unidades que sexan necesarios para unha maior eficacia da xestión administrativa*”.

Con esa definición da figura das xefaturas territoriais, parece bastante contradictorio que estas prazas

poidan ser ocupadas por persoal que non sexa funcionario/a de carreira, cando unha das funcións máis salientables é o “...*exercicio das competencias administrativas...*”, como ben se indica no articulado da Lei.

Polo tanto non é serio nin rigoroso xustificar a cobertura destas prazas co único requisito de “*acreditada competencia e experiencia profesional no eido no que desempeñará as súas funcións*”. Isto soamente é unha escusa que lle serve de coartada ao Partido Popular para colocar amigos/as nos postos da Administración, por intereses partidistas ou calquera outro motivo que pouco ou nada ten que ver co interese xeral.

O Executivo galego toma por parvos/as aos/ás empregados/as públicos/as. Ademais podemos ter outro problema engadido que é poder separar clara e nitidamente o público do privado, esa estreita liña que tantas veces se pisa e sempre saen perdendo os servizos públicos e polo tanto a sociedade no seu conxunto; temos claros exemplos das chamadas “**portas xiratorias**”, no estado español e recentemente en Galiza cunha exconselleira moi vinculada a unha firma adicada ás enerxías renovables.

Na CIG, solicitamos á Xunta de Galiza unha rectificación e realizaremos un seguimento exhaustivo e polo miúdo do que vai pasar no futuro ao respecto destas prazas, estando totalmente en contra da manipulación e politización da Función Pública.



Non ao xenocidio de Palestina